



## Símbolos con vida para unha liturxia viva

---

Manuel Regal Ledo

Partimos do convencemento bastante xeneralizado de que o culto que practicamos ofrece con frecuencia celebracións cando menos amortuxadas, pouco significativas para a vida da comunidade celebrante. A liturxia católica componse de rituais establecidos integrados por unha serie de signos e símbolos sucesivos que se complementan para facer un todo harmónico e así conseguir o que se pretende: celebrar a historia da salvación como algo vivo, con pasado e con presente; así podemos sentirnos parte desa historia de salvación e poderemos vivila nos nosos tempos. É dicir, que participar na celebración eucarística sexa algo significativo para nós, que nos empuxe a vivir comunitariamente con ledicia e intensidade cristiá o momento persoal e histórico presente.

Neste sentido uns signos e símbolos con vida, pro-vocativos, pódennos axudar moito a comprender o que celebramos e a convertermos logo en vida o que no culto conmemoramos. Ao redor destas cuestións vai logo este noso escrito<sup>1</sup>.

---

1 Para escribir este artigo quixen partir, máis ca de lecturas, do que vivo e observo nas diferentes liturxias nas que participo ou mesmo nas que animo. Con todo, puiden ler con calma o libro coral *La celebración litúrgica de la comunidad cristiana*. Chaminade. Fundación Universitaria. Colegio Mayor. Tirant humanidades. Valencia, 2024. Un libro no que participan dez autores e autoras moi cualificadas que, desde diferentes ángulos (filosóficos, teolóxicos, litúrxicos, pastorais...) ofrecen claves moi interesantes e actuais tamén para o tema concreto que aquí analizaremos. Recomendo vivamente a súa lectura.